

ORDE do 11 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria para a concesión de subvencións mediante tramitación anticipada e, en réxime de concorrència competitiva, para desenvolver áreas de estacionamento seguras e protexidas para vehículos de transporte de mercadorías (AESP) na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento IF313A).

O transporte por estrada é un sector estratéxico de calquera economía, como vén demostrando o crecemento da importancia das cadeas de subministración nacionais e internacionais. Isto fai que o volume de cargas que viaxan ao longo das nosas estradas vaia en aumento ano a ano e, a pesar de que outros modos de transporte poden suplir en parte as demandas, o transporte de mercadorías por estrada é na actualidade e seguirá sendo nun futuro próximo imprescindible. Con todo, para o seu desenvolvemento se persoa un inconveniente severo que resta competitividade ao sector e a Galicia como territorio loxístico.

Este non é outro que a ausencia de áreas de estacionamento seguras e protexidas (AESP), unhas pezas chave no transporte que permiten ao condutor facer en condicións adecuadas os descansos aos que está obrigado por lei ou simplemente estacionar adecuadamente o vehículo.

Neste sentido, existen dous niveis de AESP: AESP de concentración, dotadas de máis servizos e que se sitúan en grandes polos de atracción de mercadorías, e AESP de tránsito, localizadas para realizar descansos en ruta. Actualmente en Galicia a oferta das primeiras é moi limitada, e a oferta das segundas é inexistente.

Doutra banda, a importancia da creación de áreas de estacionamento seguras e protexidas aumenta chegando a considerarse elemento de competitividade para o transporte de mercadorías. A intención destas axudas é promover a creación de Áreas de Estacionamento Seguras e Protexidas en Galicia coa intención de crear unha Rede Autonómica de Aparcadoiros Seguros que poida ser incluída na Rede Nacional.



Esta convocatoria tramítase como anticipada de gasto, de acordo coa Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

En virtude do exposto, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para desenvolver áreas de estacionamento seguras e protexidas para vehículos de transporte de mercadorías (AESP) na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as anteditas subvencións para o ano 2026 (código do procedemento IF313A).

Artigo 2. *Financiamento*

1. As subvencións financiaranse con cargo á aplicación 05.08.512A.770.0, de acordo coa seguinte distribución:

Aplicación	Código de proxecto	2026	2027	Total
05.08.512A.770.0	2023 00247	300.000	260.000	560.000

2. A modificación desta distribución requirirá tramitar un reaxuste de anualidades no expediente do gasto.

3. O importe previsto poderá ampliarse como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria de acordo co artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Esta convocatoria tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, e existe crédito suficiente previsto no Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2026.

Así mesmo, estará sometida ao regulado na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería, do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Ao abeiro desta normativa, o crédito previsto no apartado 1 deste artigo e a concesión das subvencións quedan sometidos á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2026 para financiar as obrigas derivadas da convocatoria.

Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas, incluídas as persoas autónomas, que estean activas no momento da presentación da solicitude, sen prexuízo de que cumpran os demais requisitos que estableza esta orde.
2. Considéranse empresas, as entidades que na data de presentación da solicitude, cumpran o establecido no artigo 1 do anexo I do Regulamento (UE) N° 651/2014: Considerarase empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica. En particular, consideraranse empresas as entidades que exerzan unha actividade artesanal ou outras actividades a título individual ou familiar, así como as sociedades de persoas e as asociacións que exerzan unha actividade económica de forma regular.

Artigo 4. *Actuacións subvencionables e requisitos que deben cumprir*

1. Son subvencionables as actuacións para desenvolver áreas de estacionamento seguras e protexidas (en adiante AESP) para vehículos de transporte de mercadorías.
2. Requisitos das AESP:



- 1) Estar situadas na Comunidade Autónoma de Galicia a unha distancia non superior a dez quilómetros dunha autovía, autoestrada ou estrada de titularidade nacional ou autonómica da rede estruturante ou complementaria. A distancia medirase dende a AESP ata o inicio do ramal de conexión máis próximo na estrada correspondente.
- 2) Obter unha certificación de polo menos nivel bronce de acordo co Regulamento Delegado (UE) 2022/1012, da Comisión, polo que se completa o Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ao establecemento de normas que detallan o nivel de servizo e a seguridade das zonas de estacionamento seguras e protexidas, así como aos procedementos para a súa certificación.
- 3) O perímetro da AESP deberá ter un peche dun mínimo de 1,80 m de altura que só permita entradas e saídas a través de puntos definidos. Entre o peche e a zona de estacionamento haberá unha zona libre dun metro. As prazas de aparcamento deben ter unhas dimensións mínimas de 3,30 metros de ancho por 16,50 metros de longo.
- 4) Reservar unha porcentaxe mínima de prazas de aparcamento de rotación do 20%. Entenderanse por prazas de rotación aquelas que non están suxeitas a contratos de duración superior a 24 horas.

Artigo 5. *Gastos subvencionables*

1. Serán gastos subvencionables os gastos necesarios para desenvolver áreas de estacionamento seguras e protexidas para vehículos de transporte de mercadorías (AESP) que cumpran os seguintes requisitos:

- 1) Estean relacionados de maneira indubidable coa actuación que se vai desenvolver.
- 2) Estean realizados e pagados dentro do prazo de xustificación.

2. Considéranse gastos necesarios os seguintes:



Os custos relacionados coas instalacións e equipamentos necesarios para desenvolver a AESP. (contratación externa da redacción do proxecto de execución, contratación externa das obras do proxecto de execución: construción das parcelas, das entradas e saídas, instalación de cámaras de seguridade, deseño dos sistemas de iluminación, instalación do peche, instalacións dos sistemas de conexións eléctricas, etc, custo da certificación de acordo co Regulamento Delegado (UE) 2022/1012, da Comisión, outros gastos que cumpran os requisitos)

3. Cando o importe dos gastos subvencionables superen os 15.000 € no caso de servizos ou subministracións e 40.000 € no caso de obras (en todos os casos IVE excluído), a persoa solicitante deberá obter como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se iniciase con anterioridade á solicitude da subvención. O solicitante deberá xustificar a oferta elixida cando esta non sexa a máis vantaxosa. No caso da contratación das obras do proxecto de execución, se se van realizar todas as unidades de obra co mesmo provedor, só se precisarán tres ofertas para o conxunto do proxecto.

3. Non se consideran gastos subvencionables:

- 1) O imposto sobre o valor engadido que sexa recuperable.
- 2) Taxas de permisos ou licenzas.
- 3) Custo da adquisición do terreo ou os que estean relacionados con esa adquisición.
- 4) Os que recolle o artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia: os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, as recargas e as sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Artigo 6. *Período de execución das actuacións*

O período de execución das actuacións abarcará dende o 1 de xaneiro de 2026 ata a data máxima de xustificación. Non se considerarán subvencionables as actuacións que emitiran a certificación final de obra antes da data de publicación desta orde.



Artigo 7. Contía da subvención

1. A contía da subvención será a seguinte:

-Por cada praza de aparcamento da AESP: 2.000 €.

O número máximo de prazas de aparcamento que se subvenciona é de 60, non obstante a AESP pode ter un número maior de prazas.

-Por acadar unha certificación de nivel prata: 5.000 €.

-Por acadar unha certificación de nivel ouro ou platino: 10.000 €. (non acumulativas co nivel prata)

-Dispoñibilidade de polo menos dúas conexións eléctricas para vehículos refrixerados: 2.000 €.

A contía máxima da subvención polas prazas de aparcamento é de 120.000 €.

A contía máxima da subvención por todos os conceptos é de 132.000 €.

En ningún caso a contía da subvención poderá superar o custo da AESP (incluíndo o custo das certificacións e das conexións eléctricas)

2. As subvencións desta orde serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que non se supere o 100 % do investimento subvencionable ou, se é o caso, o límite máximo establecido na normativa que resulte de aplicación.

3. As subvencións desta orde están suxeitas ao Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*. (DOUE serie L do 15 de decembro de 2023)

A contía total das axudas de *minimis* concedidas a unha empresa non poderá exceder dos 300.000 € no período dos tres anos previos. Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido



As axudas de *minimis* non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se tal acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

Artigo 8. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderase empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes

3. Só se pode presentar unha solicitude por persoa.

4. Información ás persoas interesadas.

Sobre este procedemento poderase obter información adicional a través dos seguintes medios:

a) Na páxina web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte: <https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/mobilidade>



b) Na páxina web da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, introducindo o procedemento IF313A no buscador: <https://sede.xunta.gal/portada>

c) No teléfono 981 544 361

d) No enderezo electrónico: sxit.civ@xunta.gal

5. No anexo I debera indicarse a seguinte información sobre as AESP:

1) A Localización das AESP con indicación das coordenadas.

2) A localización do ramal de conexión máis próximo na estrada correspondente: indicando as coordenadas, o nome da estrada, o treito, o punto quilométrico e o marxe dereito ou esquerdo.

3) A distancia dende a AESP ata o inicio do ramal de conexión máis próximo. (máximo dez)

4) A localización dos servizos adicionais con indicación das coordenadas. (gasolineira, cafetería e/ou restaurante e hotel)

5) A distancia dende estes servizo á AESP.

6) O nivel da certificación que se pretende acadar de acordo co Regulamento Delegado (UE) 2022/1012, da Comisión, polo que se completa o Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello.

7) A descrición do peche. (mínimo de 1,80 m e un metro de separación)

8) A dimensión das prazas previstas. (mínimo de 3,30*16,50)

9) O número de prazas previsto.

10) O número de prazas que se destinaran a rotación. (mínimo do 20%)

11) Data finalización prevista da AESP. Esta data será a que se tome como referencia para determinar o prazo máximo de xustificación.

12) Custo previsto da AESP cunha desagregación dos investimentos máis importantes.

13) Descrición do réxime de explotación futuro e prezos que se propoñen por hora e día.



Artigo 9. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

1.1. **Memoria** da actuación para desenvolver a AESP, que deberá conter, como mínimo, os seguintes apartados:

1) Descrición e documentación gráfica (localización, planos e fotografías) da AESP: o número, a distribución das prazas, as dedicadas a rotación e como se van diferenciar do resto, dos carrís de acceso ás prazas, etc.

2) Descrición e documentación gráfica (localización, planos e fotografías) do ramal de conexión máis próximo.

3) Descrición e documentación gráfica (localización, planos e fotografías) dos servizos adicionais.

4) Descrición doutras actuacións que se van realizar na AESP para obter o nivel de certificación proposto. (iluminación, sistema de vídeo-vixilancia, etc.)

5) Descrición das actuacións para instalar as conexións eléctricas para vehículos refrixerados, no caso de que estean previstas.

6) Acreditación da titularidade dos terreos, de ser o caso.

7) Análise dos permisos e autorizacións necesarios para desenvolver o proxecto e acreditación dos que xa conta, de ser o caso.

8) Tres ofertas de diferentes provedores ou xustificación da oferta elixida cando esta non sexa a máis vantaxosa.

O contido da memoria debe ser o suficientemente detallado para que se poidan comprobar os datos aos que se refire o anexo I e os requisitos e criterios de valoración desta orde.

1.2. Documentación acreditativa da representación, no caso de actuar a través de representante.

1.3. Documentación acreditativa da constitución da persoa solicitante.



1.4. Certificado asinado pola dirección de execución sobre a porcentaxe de execución do proxecto. (só para aquelas actuacións xa iniciadas)

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados de xeito electrónico a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse por medios electrónicos.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable de procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no apartado anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo dos documentos e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante.
- d) NIF da entidade representante.
- e) Certificado de alta no Imposto de actividades económicas da persoa solicitante (IAE)
- f) Alta na Seguridade Social a data concreta.
- g) Certificado de estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social.
- h) Certificado de estar ao corrente de pagamento coa Xunta de Galicia para percibir axudas ou subvencións das Administracións Públicas.
- i) Certificado de estar ao corrente de pagamento coa AEAT para subvencións e axudas.
- j) Concesións doutras subvencións e axudas.
- k) Consulta de axudas e subvencións MINIMIS ampliado.
- l) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.



2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude, deberán ser efectuados de xeito electrónico accedendo a carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Órganos competentes*

1. Delegase na persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade o exercicio das competencias da aprobación do gasto, das resolucións de concesións ou denegacións, das modificacións das resolucións, dos recoñecemento das obrigas e dos pagamentos, reintegros e demais actuacións necesarias para desenvolver esta orde.

2. A persoa titular da Subdirección Xeral de Infraestrutura do Transporte e Planificación será o órgano competente para instruír o procedemento para a concesión das subvencións.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, a instrución corresponderalle á persoa titular da xefatura do Servizo de Planificación.



Artigo 13. *Instrución do procedemento e tramitación*

1. Se a solicitude non reúne algunha das exixencias contidas nesta orde ou no resto da normativa aplicable, requiriráselle a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución.

2. A documentación que sexa requirida pola Administración ou a emenda da solicitude deberá presentarse por medios electrónicos.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas presentadas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, quedarán ao dispor do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na cal se indicarán as causas desta.



Artigo 14. Comisión de valoración

1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo de criterios de valoración e emitirá un informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada, os solicitantes propostos para obter a subvención e a contía da axuda proposta a cada un deles.
2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:
 - a) Presidencia: unha persoa subdirectora da Dirección Xeral de Mobilidade ou persoa en quen delegue.
 - b) Secretaría: unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Mobilidade.
 - c) Un vogal: unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Mobilidade.
 - d) Tamén poderá participar persoal técnico de apoio con voz pero sen voto.
3. A persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade designara os membros da comisión.
4. O informe que elabore a comisión de valoración remitirase ao órgano instructor.

Artigo 15. Criterios de valoración

1. Os criterios e as valoracións que se utilizaran para ponderar as AESP son os seguintes:

Número do criterio	Criterio	Desagregación do criterio	Valor da desagregación
1	Distancia en quilómetros desde a AESP á estrada de titularidade nacional ou autonómica da rede estruturante ou complementaria.	De 7 a 10 km	2
		De 4 a 6 km	10
		De 0 a 3 km	30
2	Intensidade media diaria de vehículos pesados (número de vehículos pesados) no treito onde se sitúa o ramal de conexión	De 201 a 500	2
		De 501 a 1.000	6
		De 1.001 a 1.500	10
		De 1.500 a 2.000	22
		Máis de 2.000	36



Número do criterio	Criterio	Desagregación do criterio	Valor da desagregación
3	Prazas de rotación superior ao mínimo do 20%	Entre 21% e 25%	2
		Entre 26% e 30%	4
		Máis do 30%	6
4	Existencia de servizos adicionais	Gasolineira a máis de 0,5 km e menos de 3,1 km	5
		Gasolineira a menos de 0,5 km da AESP	12
		Cafetería e/ou restaurante a máis de 0,5 km e menos de 1,6 km	5
		Cafetería e/ou restaurante a menos de 0,5 km da AESP	12
		Hotel a menos de 5 km da AESP	1
		Hotel a menos de 3 km da AESP	4
5	Madurez do proxecto	Dispoñibilidade do terreo	14
		Dispoñibilidade de permisos e autorizacións: parciais	6
		Dispoñibilidade de permisos e autorizacións: totais	12

A puntuación máxima que se pode obter é de 126 puntos.

Criterio 1. A distancia medirase dende a AESP ata o inicio de ramal de conexión máis próximo na estrada correspondente.

Criterio 2. A intensidade media diaria de vehículos pesados no treito onde se sitúa o ramal de conexión será a que figura nos datos públicos que recolle tanto a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas coma o Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible.

https://vivendaeinfraestructuras.xunta.gal/es/estradas/rede-autonomica/datos-traffic?utm_source=chatgpt.com

<https://www.transportes.gob.es/carreteras/catalogo-y-evolucion-de-la-red-de-carreteras>



Criterio 4. Os servizos propostos deberán existir ou estar en execución no momento de presentar a solicitude.

Criterio 5.

Terreos: O proxecto dispón do terreo necesario para desenvolver a AESP no momento de presentar a solicitude.

Dispoñibilidade de permisos e autorizacións: O proxecto conta con algún ou todos os permisos necesarios para desenvolver a AESP no momento de presentar a solicitude.

2. As subvencións concederanse ás solicitudes que obteñan as máximas puntuacións ata esgotar o crédito. O resto de solicitudes quedarán como suplentes ata que exista unha renuncia ou se amplíe o crédito da convocatoria. Porén, non se poderá conceder ningunha subvención despois do 30 de decembro de 2026.

3. En caso de empate entre solicitudes, o criterio para desempatar é a maior puntuación nos apartados un, dous, tres, catro e cinco sucesivamente. De continuar o empate, o criterio será a data e hora da presentación da solicitude e por último, o número de entrada máis baixo que lle asigne o rexistro.

Artigo 16. *Audiencia*

1. Unha vez instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior, cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.



Artigo 17. Resolución

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instrutor elevaralle a proposta de resolución e o informe emitido pola comisión de valoración á directora da Dirección Xeral de Mobilidade para ditar a resolución de concesión, que deberá estar motivada e expresará, cando menos, o beneficiario, así como a subvención concedida ou, se é caso, a causa de denegación. Do mesmo xeito, na resolución indicárase o carácter de axuda de *minimis* exenta, en aplicación do Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*.
2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses contados desde a data da presentación da solicitude. Se transcorrese este prazo sen dítarse a resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. A antedita resolución será notificada mediante publicación no Diario Oficial de Galicia de acordo co artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 18. Aceptación e renuncia

1. Transcorridos dez días hábiles dende a notificación da resolución sen que a persoa beneficiaria comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de persoa beneficiaria.
2. A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia, dítarase a correspondente resolución que se notificará a persoa interesada por medios electrónicos.



Artigo 19. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Así mesmo, o órgano competente para conceder ás axudas poderá acordar a modificación da resolución á instancia da persoa beneficiaria, sempre que se cumpran os límites e os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 20. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. Sen prexuízo das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán obrigadas a:

a) Executar a actuación para a que se concedeu a subvención no prazo establecido e xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención.

b) Obter unha certificación válida emitida por un organismo certificador acreditado, de acordo co Regulamento Delegado (UE) 2022/1012 da Comisión e mantela durante un período mínimo de cinco anos.

c) Manter os requisitos para conceder a subvención durante un período mínimo de cinco anos dende a data de obtención da certificación indicada no apartado anterior.

d) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos concorrentes que financien as actuacións, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente a solicitude de pago coa xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



e) No caso de non poder realizar a actuación para a cal se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución.

f) Adoptar medidas de información e comunicación. (carteis informativos, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.)

g) Conservar os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso, así como a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de 5 anos a partir da recepción do último pago.

h) Manter unha contabilidade separada ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas coas actuacións subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos subvencionados ao abeiro desta orde.

i) Achegar toda a información necesaria para que o órgano concedente poida dar cumprimento ás obrigacións previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obrigación serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21. Subcontratación

1. As persoas beneficiarias poderán concertar con terceiras persoas a execución das actuacións subvencionadas ata unha porcentaxe máxima do 100 % do custo total de cada unha das actividades subvencionadas a través desta convocatoria, coas condicións e requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



2. Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as persoas beneficiarias, que asumirán ante a Administración a responsabilidade da execución da actividade subvencionada, así como de que se respecten os límites establecidos nesta orde en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixirán aos contratistas os documentos acreditativos dos pagos correspondentes.

3. Os subcontratistas están suxeitos ao deber de colaboración para permitir as actuacións de control e quedan obrigados a facilitar aos organismos de auditoría e control autonómicos, nacionais ou europeos canta documentación e información lles sexa requirida relativa ás actividades subcontratadas.

4. A negativa ao cumprimento desta obrigaón considerárase resistencia, escusa, obstrución ou negativa para os efectos previstos no artigo 22.3.c) desta orde, sen prexuízo das sancións que, no seu caso, puidesen corresponder.

Artigo 22. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 23. *Prazos e xustificación da subvención*

1. Os prazos para realizar a xustificación da subvención e dos pagos dos gastos subvencionables serán os seguintes:

a) Para os proxectos que finalicen entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026:

Xustificación final: o 30 de novembro de 2026.

Os gastos deben estar pagados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026

b) Para os proxectos que finalicen entre o 1 de decembro de 2026 e o 30 de novembro de 2027:

Xustificación parcial: o 30 de novembro de 2026

Os gastos deben estar pagados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026:



Xustificación final: o 30 de novembro de 2027

Os gastos deben estar pagados entre o 1 de decembro de 2026 e o 30 de novembro de 2027.

Período de finalización do proxecto	Tipo de xustificación	Data límite da xustificación	Prazo para o pago dos gastos
Entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026	Xustificación final	30 de novembro de 2026	Entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026
Entre o 1 de decembro de 2026 e o 30 de novembro de 2027	Xustificación parcial (exixe garantía)	30 de novembro de 2026	Entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026
	Xustificación final	30 de novembro de 2027	Entre o 1 de decembro de 2026 e o 30 de novembro de 2027

2. Xustificación parcial da subvención.

A xustificación debe reflectir a execución da AESP e debe incluír o seguinte:

- 1) Solicitude de pagamento da axuda. (anexo II)
- 2) Copia das certificacións parciais asinadas pola dirección de execución de obra.
- 3) Copia das facturas e xustificantes de pagamento.
- 4) Garantía polo pago á conta do primeiro ano no caso dos proxectos que rematen no ano seguinte.



A garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que deberá alcanzar como mínimo ata o 31 de xaneiro de 2027.

A garantía deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta na primeira anualidade.

As garantías deberán constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas súas sucursais, situadas nas delegacións territoriais da consellería competente en materia de economía e facenda.

Non terán que presentar a garantía, os beneficiarios das subvencións para os que os pagamentos da primeira anualidade non superen os 18.000 euros.

3. Xustificación final da subvención.

A xustificación debe reflectir a execución da AESP e debe incluír o seguinte:

- 1) Solicitud de pagamento da axuda. (anexo II)
- 2) Copia das certificacións parciais e da final asinada pola dirección de execución de obra.
- 3) Copia das facturas e xustificantes de pagamento.
- 4) Copia da certificación de fin de obra asinada pola dirección facultativa.
- 5) Proxecto de execución (recomendase un documento cun enlace para poder descargalo)
- 6) Copia da licenza de obra.
- 7) Certificado vixente emitido por un organismo certificador acreditado, de acordo co establecido no Regulamento Delegado (UE) 2022/1012, da Comisión, polo que se completa o Regulamento (CE) número 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello.
- 8) Memoria da actuación da AESP xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, que deberá conter como mínimo os apartados aos que se refire o artigo 9.1.1 de acordo coa execución final do proxecto.



9) Certificado asinado pola dirección de execución de obra sobre:

a) O cumprimento do proxecto dos requisitos da AESP.

- O perímetro da AESP deberá ter un peche dun mínimo de 1,80 m de altura que só permita entradas e saídas a través de puntos definidos. Entre o peche e a zona de estacionamento haberá unha zona libre dun metro. As prazas de aparcamento deben ter unhas dimensións mínimas de 3,30 metros de ancho por 16,50 metros de longo.

- Reservar unha porcentaxe mínima de prazas de aparcamento de rotación do 20%. Entenderanse por prazas de rotación aquelas que non están suxeitas a contratos de duración superior a 24 horas.

b) O número de prazas da AESP.

c) A instalación de polo menos dúas conexións eléctricas para vehículos refrixerados.

10) Reportaxe fotográfica das obras realizadas, que incluírá imaxes nas distintas fases de execución e desde distintos ángulos, tanto xerais como de detalle.

11) Proba do cumprimento das obrigas de publicidade da axuda.

O beneficiario deberá durante a realización do proxecto e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento:

a) Informar ao público do apoio da Xunta de Galicia , a través da súa páxina web e/ou das súas redes sociais, no caso de que dispoña delas, facendo unha breve descrición da actuación, dos seus obxectivos e dos resultados acadados

b) Colocar un cartel informativo sobre o proxecto, dun tamaño mínimo A3 (297×420 mm), no cal se mencionará a axuda da Xunta de Galicia, nun lugar ben visible para o público.



4. Se a subvención é superior a 60.000 €, na última anualidade, a persoa beneficiaria deberá comunicar cunha antelación suficiente ao órgano concedente a finalización das actuacións na AESP para as que solicitou a subvención, para que a Administración realice a comprobación material do investimento e quedara constancia desa comprobación mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración coma polo beneficiario. Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.
5. Para comprobar o cumprimento do período mínimo das condicións da subvención, o órgano concedente poderá solicitar en calquera momento dos cinco anos seguintes a documentación actualizada que se require neste artigo.
6. Calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, no seu caso, poderá supoñer a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, total ou parcial, das cantidades previamente abonadas, sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder.
7. A documentación xustificativa deberá presentarse por medios electrónicos, accedendo a carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
8. No caso de que a solicitude de pago non se presente en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requiriráselle á persoa beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días hábiles.
9. A falta de presentación da solicitude de pago ou da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á persoa beneficiaria das sancións que, conforme a lei, correspondan.



Artigo 24. *Pagamento*

1. O pagamento da subvención realizarase tras a comprobación da xustificación que presentou o beneficiario e pola parte proporcional da contía da subvención que xustificou.

2. O pagamento á conta pola xustificación parcial da subvención non poderán ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas nin excederá a anualidade prevista.

A garantía que se presentou na primeira anualidade cancelaranse unha vez comprobada a adecuada xustificación da primeira anualidade no prazo de seis meses desde que tivese entrada na Administración a xustificación.

3. As persoas beneficiarias deberán estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. No caso de que a persoa beneficiaria se opoña ou denegue expresamente o consentimento ao órgano convócate para solicitar as certificacións, estas deberán achegarse xunto co resto da documentación xustificativa.

Artigo 25. *Perda do dereito ao cobramento da subvención e reintegro*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento da actuación, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nesta orde, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou na restante normativa aplicable, o que dará lugar, no seu caso, á obriga de reintegrar total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de mora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito ao cobramento da subvención e para facer efectivo o reintegro a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador, nos seguintes casos:



- a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.
- b) Non xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actuación e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- c) Non someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou de control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en concreto a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas.
- d) Non acreditar estar ao día nas obrigacións fiscais, coa Seguridade Social e coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Non comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións e axudas concorrentes coas percibidas.
- f) Non comunicar ao órgano concedente a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, salvo o establecido no artigo 16.
- g) Non presentar no prazo esixido o certificado válido de rexistro da AESP segundo o estándar proposto polo adxudicatario en cumprimento do Regulamento Delegado (UE) 2022/1012 da Comisión.

4. Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión das axudas, o órgano concedente poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión.

Artigo 26. *Réxime de infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 27. *Fiscalización e control*

1. O órgano concedente poderá levar a cabo as actividades de comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta orde.

2. Sen prexuízo do anterior, o órgano concedente realizará, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados nesta orde. O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a persoa beneficiaria á cal se lle entregará unha copia, e presentarlle ao órgano concedente xunto co informe de verificación. A persoa beneficiaria queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado para realizar as actuacións copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.

3. Ademais, todas as persoas beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde están sometidas ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, relativo ao control financeiro de subvencións, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas

Artigo 28. *Réxime de recursos*

1. Contra estas bases reguladoras e a convocatoria cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a orde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

b) Directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



2 As resolucións ditadas ao amparo desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso—de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co establecido nesta orde, se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 29. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigacións de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas beneficiarias de subvencións están obrigadas a fornecer á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigacións previstas no título I da citada lei.

Artigo 30. *Publicidade*

1. De conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o órgano concedente incluírá as axudas concedidas ao amparo desta orde e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que coa presentación da solicitude autorízase o tratamento necesario dos datos persoais e a referida publicidade.



2. De acordo co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano que convoca publicará as subvencións concedidas ao amparo desta orde na súa páxina web e no Diario Oficial de Galicia, e expresará a norma reguladora, persoa beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da persoa beneficiaria e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* realizarase no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións.

Artigo 31. *Base de datos Nacional de Subvencións*

1. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS).

2. A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación de acordo co establecido no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas.

3. De acordo co establecido no artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado, para os efectos de publicar as subvencións concedidas na BDNS, non requirirá o consentimento da persoa beneficiaria.

Disposición adicional primeira. *Habilitación para o desenvolvemento da orde*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade para ditar as instrucións e os actos que sexan necesarios para a execución desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2025

Diego Calvo Pouso

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes



PROCEDEMENTO

AXUDAS PARA DESENVOLVER ÁREAS DE ESTACIONAMENTO SEGURAS E PROTEXIDAS (AESP) NA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

IF313A

DOCUMENTO

SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

PREFIXO

OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO



DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

DENOMINACIÓN DO PROXECTO (AESP)

LOCALIZACIÓN DA AESP

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

COORDENADAS (UTM; ° ' ")

COMENTARIOS Á LOCALIZACIÓN

LOCALIZACIÓN DO RAMAL DE CONEXIÓN

Coordenadas (UTM; ° ' ")

NOME DA ESTRADA

TREITO

PUNTO QUILOMÉTRICO

MARXE

DISTANCIA DENDE A AESP ATA O INICIO DO RAMAL DE CONEXIÓN MÁIS PRÓXIMO (MÁXIMO DEZ KM)

SERVIZOS ADICIONAIS

- ☐ Gasolineira
☐ Cafetería
☐ Hotel



DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO (continuación)

LOCALIZACIÓN DOS SERVIZOS ADICIONAIS CON INDICACIÓN DAS COORDENADAS (UTM;° ' ")

GASOLINEIRA

COORDENADAS

DISTANCIA Á AESP

CAFETERÍA E/OU RESTAURANTE

COORDENADAS

DISTANCIA Á AESP

HOTEL

COORDENADAS

DISTANCIA Á AESP

CERTIFICACIÓN DA AESP SEGUNDO O REGULAMENTO DELEGADO 2022/1012 DA COMISIÓN

- ☐ Nivel bronce
☐ Nivel ouro

- ☐ Nivel prata
☐ Nivel platino

DESCRICIÓN DO PECHE (mínimo 1,80 m de altura e un metro de separación)

ALTURA (metros)

SEPARACIÓN (metros)

TIPO DE PECHE

DIMENSIÓNS DAS PRAZAS DE APARCAMENTO (mínimo 3,30*16,50)

NÚMERO DE PRAZAS DE APARCAMENTO DA AESP

NÚMERO DE PRAZAS DE ROTACIÓN (mínimo do 20%)

DATA DE FINALIZACIÓN PREVISTA (Esta data será a que se tome como referencia para determinar o prazo máximo de xustificación)



DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO (continuación)

Conceptos dos investimentos máis importantes:	Custo total (sen IVE)	Custo total (con IVE)
Importe total do investimento:	0,00	0,00

Distribución do investimento por anualidades (sen IVE)

2026	2027	Total

DESCRIPCIÓN DO RÉXIME DE EXPLOTACIÓN FUTURO

PREZO POR HORA

PREZO POR DÍA



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que non incorre en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.
3. Que non incorre en ningunha clase de inhabilitación para obter a axuda prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos da actuación para a cal se solicita a axuda.
5. Que cumpre os prazos de pago previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 euros.
6. Que asume a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano convocante os casos de sospeita de fraude.
7. Que cumpre coa normativa comunitaria, estatal e autonómica, e en particular, coa normativa en materia de subvencións e contratación pública.
8. Que non esta suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
9. Que esta empresa non está en crise de acordo coa definición do artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Memoria da actuación para desenvolver a AESP

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Documentación acreditativa da representación, no caso de actuar a través de representante.			
☐ Documentación acreditativa da constitución da persoa solicitante.			
☐ Certificado asinado pola dirección de execución sobre a porcentaxe de execución do proxecto. (só para aqueles proxectos xa iniciados)			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA	
DNI/NIE da persoa solicitante	☐	
DNI/NIE da persoa representante	☐	
Alta na Seguridade Social a data concreta	☐	
Certificado de estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social	☐	
Certificado de estar ao corrente do pagamento coa Xunta de Galicia para percibir axudas ou subvencións das Administracións Públicas	☐	
Concesións de subvencións e axudas	☐	
Consulta de axudas e subvencións MINIMIS ampliado	☐	
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐	
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA	
NIF da entidade solicitante	☐ Si	☐ Non
NIF da entidade representante	☐ Si	☐ Non
Certificado de estar ao corrente de pagamento coa AEAT para subvencións e axudas	☐ Si	☐ Non
Certificado de alta no imposto de actividades económicas da persoa solicitante (IAE)	☐ Si	☐ Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Justicia e Deportes
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia. No seu caso, o consentimento da persoa interesada.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- ORDE do de de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas para desenvolver áreas de estacionamento seguras e protexidas para vehículos de transporte de mercadorías (AESP), na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------



SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

IF313A - AXUDAS PARA DESENVOLVER ÁREAS DE ESTACIONAMENTO SEGURAS E PROTEXIDAS (AESP) NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DATOS BANCARIOS

☒ Formato IBAN

☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

DATOS DA AESP

NÚMERO DE PRAZAS DE APARCAMENTO DA AESP

Nº DE PRAZAS DE APARCAMENTO DE ROTACIÓN (mínimo do 20%)

CERTIFICACIÓN DA AESP OBTIDA SEGUNDO O REGULAMENTO DELEGADO 2022/1012 DA COMISIÓN

☐ Nivel bronce

☐ Nivel ouro

☐ Nivel prata

☐ Nivel platino

SERVIZOS DA AESP INSTALADOS

☐ Dúas conexións eléctricas para vehículos refrixerados



XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

☐ Xustificación parcial

☐ Xustificación final

CUSTO DA EXECUCIÓN DA AESP

Custo (sen IVE)

Custo (con IVE)

Distribución por anualidades do investimento (con IVE)

2026	2027	Total

Relación de certificacións e facturas

Certificación (número)	Factura (número)	Custo (sen IVE)	Custo (con IVE)	
TOTAL		0,00	0,00	



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

XUSTIFICACIÓN PARCIAL

- ☐ Copia das certificacións parciais asinadas pola dirección de execución de obra
- ☐ Copia das facturas e xustificantes de pagamento
- ☐ Garantía polo pago á conta do primeiro ano no caso dos proxectos que rematen no ano seguinte

XUSTIFICACIÓN FINAL

- ☐ Copia das certificacións parciais e da final asinadas pola dirección de execución de obra
- ☐ Copia das facturas e xustificantes de pagamento
- ☐ Copia da certificación de fin de obra asinada pola dirección facultativa
- ☐ Proxecto de execución
- ☐ Copia da licenza de obra
- ☐ Certificado vixente emitido por un organismo acreditado
- ☐ Memoria da actuación da AESP
- ☐ Certificado asinado pola dirección de execución de obra
- ☐ Reportaxe fotográfica
- ☐ Proba do cumprimento das obrigas de publicidade da axuda

SOLICITA: Que se proceda ao pagamento da subvención concedida.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de